



INFORME DA XUNTA DE PERSOAL DA PROVINCIA DE LUGO

24 de outubro de 2016 ás 12:00 horas

Punto único: xuntanza coa Xefatura de inspección para negociar as vacantes para o CXT de 2017

Organizacións presentes: Anpe, CIG, CC OO, C-SIF, STEG e FETE-UGT.

A Presidencia da Xunta de Persoal pregunta polo tema da mobilidade do profesorado que imparte no 1º ciclo da ESO, en relación ao CXT 2017.

A Inspectora Xefa informa que a intención é que o profesorado de 1º ciclo concurse e ver que prazas se poderían ofertar para garantir a súa mobilidade.

Prazas do Corpo de Mestres:

Ceip de Cervo: solicítase 1 de Primaria e 1 de Orientación.

A Inspección alega que “pola evolución da matrícula, é probable que en breve espazo de tempo poda pasar a menos de 6 unidades”.

En todo caso, toma nota da solicitude de Primaria para incorporala.

No tocante á de Orientación non sae e aduce que o centro ten menos de 12 unidades, facendo referencia tamén á Rede de Orientación, pendente de creación.

CPI Uxío Novoneyra: solicítase sexa incluída 1 de Primaria

A Inspección fala dun problema serio de matrícula.

Ceip As Mercedes: reclámase 1 de Primaria.

A Inspección di que non se saca por ter director por riba de catálogo e haber horas para cubrila.

CEE Santa María: infórmase de que das 2 xubilacións(036 e 037) só se estuda sacar unha e a Inspección é partidaria de amortizar unha praza. Comunícase que, chegado maio, estudarase a posibilidade e necesidades do centro, pois non se poden sacar a concurso prazas xuridicamente non creadas.

A Xunta de Persoal insta ao Servizo de Inspección a facer un estudo dende o punto de vista técnico e non estritamente numérico, pola particular natureza e problemáticas deste tipo de centros.

Ceip Poeta Avelino Díaz (Meira): reclámase 1 praza de Francés, que non aparece. A inspección di que xa hai 1 definitivo de francés en Meira.

Ceip Álvaro Cunqueiro (Mondoñedo): reclámase que hai 1 xubilación de Primaria que non se cubre.

A Inspección fala do descenso da matrícula e de que no 17/18 vai quedar cunha unidades menos. É previsíbel que quede con 6 unidades. Con catálogo ten 7, pero vai quedar con 6.

Ceip do Páramo: reclámase 1 de Primaria a maiores do que hai.

A inspección di que o ano que vén marchan 12 alumnas/os e entran 6 e alude ao problema da matrícula. En todo caso, toma nota advertindo de que sería unha vacante con pouca vixencia.

Prazas de Secundaria e CIFP:

CPI Dr. López Suárez (Friol): hai unha xubilación de Galego e 1 de Francés que non se cubre (067).

A Inspección revisará este caso para o seu estudo (Francés).

EPAPU de Bonxe: reclámase 1 de Primaria (038)

A Inspección di que se prefire cubrir "doutra maneira" e que, respectando a certa discrecionalidade que posúen estes centros, "se ao mellor teñen necesidade de Secundaria, prefiren facelo así por organización interna do propio centro."

IES Becerreá: reclámase 1 de Xeografía e Historia.

A inspección di que non é preciso unha 2º praza de Xeografía e Historia. Infórmase que é dabondo cun definitivo.

IES Feminino: reclámase 1 de Francés.

CIFP As Mercedes: hai 1 xubilación e reclámase 1 de Organización e Procesos de Mantemento de Vehículos (111).

Infórmase de que teñen 4 definitivos e precisan 4 prazas. En todos caso vaise estudar o caso deste centro.

Reclámase 1 praza de Sistemas Electrotécnicos e Automáticos (PES).

Dise que non se ofertará nada neste senso.

IES Muralla Romana: reclámase 1 praza de Administración de Empresas e Economía.

Infórmase de que feito o estudo sobre o centro, non se van ofertar máis.

Dende a Xunta de Persoal ínstase a revisar a situación do Muralla Romana e das Mercedes e que haxa un equilibrio entre provisionais e interinos.

IES Sanxillao: reclámase 1 praza de Tecnoloxía.

A Inspección di que hai 2 definitivos e precisan 2 e que hai 1 xubilación que non se cubre.

IES Daviña Rey (Monforte): reclámase 1 praza de Lingua Galega.

A Inspección di que hai 1 praza e precisan 1.

IES Monterroso: reclámase 1 praza de Bioloxía.

A Inspección di que teñen 2 prazas e precisan 2.

IES Rábade: reclámase 1 praza de Economía.

A Inspección di que non se oferta.

IES Lois Peña Novo: reclámase 1 praza (107)

A Inspección di que vai examinar o caso.

IES Basanta Silva: reclámase 1 praza de Inglés.

A inspección di que teñen 2 e precisan 2.

Trátase tamén o caso da EOI de Monforte, relativo ás prazas de Francés e Italiano e a posibilidade de cubrilas axeitadamente.

A Inspección estudará o caso.

Sen máis temas que tratar, dase por concluída a xuntanza ás 14:10 horas.